

## A ORGANIZACIÓN DAS COMUNIDADES DE MONTES

Xosé Alfredo PEREIRA MARTÍNEZ

*Organización galega de comunidades de Montes*

**SUMARIO:** Faise unha interpretación da historia organizativa da recuperación dos montes comunais polos veciños dende os anos setenta e propóñense liñamentos para a organización das comunidades.

**SUMARIO:** Se hace una interpretación de la historia organizativa de la recuperación de los montes comunales por los vecinos desde los años setenta y se proponen lineamientos para la organización de las comunidades.

**SUMMARY:** An interpretation is made of the organizational history of the recovery of forest held communally by the local inhabitants since the sixties and a proposal is outlined for the organization of the communities.

### 1. A compoñente dinámica do sector forestal.

No que denominamos sector forestal, sector importante hoxe e no futuro, da economía do noso país, inciden unha serie de elementos, todos eles necesarios. A existencia dunha política forestal, os montes como espazos xeográficos, os profesionais do sector e as comunidades de montes veciñais en man común. Son estas últimas no entender da Organización Galega de Comunidades de montes, o elemento máis importante, por ser o elemento decisivo, o elemento dinámico.

As comunidades de montes veciñais en man común, é dicir, a organización dos veciños e das veciñas titulares dos montes veciñais, son os que teñen a última decisión para aplicar a política forestal que o País necesita e as técnicas selvícolas precisas. Baixo esta óptica, semella claro que, en contra do que se fixo ata o de agora, calquera política forestal, calquera lexislación referente ós montes veciñais en man común, deberá contar coa opinión das comunidades de montes veciñais. E non só porque actuar desta forma sería

un signo de democratización das institucións, senón tamén porque, falando en prata, as comunidades de montes veciñais en man común van ser as que padezan directamente esa política forestal e esa lexislación de montes.

Esta importancia das comunidades de montes, ese dinamismo, se cabe, adquire máis relevo cando observamos e contrastamos algúns datos:

- O 33% da superficie forestal galega, é dicir, unhas 600.000 Ha está en mans das 2.700 comunidades de montes que hai no noso país, sen contar que hai moitos montes veciñais en man común que non foron aínda declarados como tales.
- A Unión Europea é deficitaria de madeira e o monte galego ten teoricamente unha das producións máis altas dos países da Unión Europea.
- Na sociedade actual o uso social do monte está adquirindo moita demanda.
- A compoñente ecolóxica ten que estar presente en tódolos usos do monte, xa que a cuestión non é facer montes ecolóxicos ou montes xardíns.
- A mesma Unión Europea avoga por unha política forestal que contemple, xunto co aumento da produción do valor da madeira, a produción diversificada, a conservación e a mellora do medio ambiente e a atención ós fins recreativos, culturais e sociais das masas boscosas.

Con todos estes datos, con esta situación, non é moi aventurado afirmar que o monte veciñal en man común galego, pola súa orixe (restos de titularidades colectivas de característica xermánica), polo seu tipo de propiedade especial (privado pero ó mesmo tempo colectivo o que lle da o carácter do que podemos chamar “outra forma de posuír”) e mesmo polo tamaño medio da súa superficie (250 Has fronte ás 2,5 dos montes particulares), está nas mellores condicións para levar adiante unha política forestal que cumpra perfectamente as tres funcións clásicas e tradicionais que debe cumprir todo monte. A saber, a función social, a función protectora e a función productiva. Funcións que ten que cumprir sen dar ningún tipo de prioridade de antemán e baseándose en: a política forestal que precisa o noso país, a vocación histórica do monte, as características sociais onde estea ubicado o monte e a decisión soberana dos veciños comuneiros reunidos en Asemblea Xeral.

Das tres funcións clásicas e tradicionais que debe cumprir todo monte, convén pararse un pouco na función productiva xa que nestes momentos hai sectores da sociedade galega interesados en encauzar o monte veciñal en man común cara a función productiva, e dentro desta función productiva a produción de madeira, e mesmo dentro desta produción de madeira a produción de eucaliptos, a introducción de especies de eucaliptos resistentes ó frío,

cando os estudos máis ou menos científicos que veñen demostrando que os eucaliptos danan a terra están á orde do día.

Evidentemente, no monte veciñal en man común non se pode desbotar a función productiva, pero esta non pode ser en exclusiva e moito menos en clave de monocultivo. Cando no monte veciñal en man común se prantexa a función productiva, pódese pensar no eucaliptos, pero tamén se pode, e se debe, pensar: na produción de frondosas, de árbores autóctonas, na biomasa, na apicultura, na micoloxía, no gando, na produción de abonos, nas prantas medicinais...

Dentro da función productiva do monte, función non única (cousa que compre repetir) é importante suliñar quen son os beneficiarios desta función productiva. Estes beneficiados son de carácter social, de carácter colectivo, o que ven significar unha millora de vida de xeito comunitario dado que os ingresos do monte, na porcentaxe acordada en Asemblea Xeral, invístense en: asfaltado de camiños, apertura de pistas, saneamento, traída de augas, pistas polideportivas, locais sociais, zonas de lecer, roteiros de sendeirismo... neste reparto social dos beneficios do monte, o monte veciñal diferénciase do monte de propiedade particular.

Pero é que ademais disto o monte veciñal en man común cumpre, ou pode ou debe cumprir, outras funcións non menos importantes cás tres funcións tradicionais ou clásicas, estas son: a creación de emprego, a cohesión social, a participación veciñal, o impedir a despoboación das zonas do interior, o ordenamento do país tendo como base a parroquia, entidade tradicional galega aínda hoxe non recoñecida nin xudicial nin administrativamente. De aí que non sexa esaxerado dicir que o monte veciñal en man común pode ser un dos eixos para o desenvolvemento harmónico do noso país.

No medio de todas estas posibilidades, no medio de todos estes datos, atópanse as comunidades de montes veciñais en man común co seu dinamismo e co seu poder de decisión. Eis a razón pola que nós lle damos moita importancia ás comunidades de montes veciñais en man común. Darse conta destas posibilidades e actuar na boa dirección é unha das funcións hoxe das comunidades de montes.

Que para a Organización Galega de comunidades de montes as comunidades de montes veciñais se sitúen no centro do sector forestal, non quere dicir coma moitos interesados queren facer crer, que se está en contra da profesionalización nin en contra dos profesionais do sector. Polo tanto é unha cuestión que convén matizar.

Se por profesionalizar o sector das comunidades de montes veciñais en man común se entende que os profesionais do sector teñen que ocupar os cargos dos órganos de goberno das comunidades de montes, evidentemente estamos en contra. E estamos en contra porque defendemos o concepto xermánico da propiedade veciñal, concepto polo cal es veciño comuneiro polo

simple feito de seres veciño da comunidade, e polo tanto non entendemos o intento de redefinición do concepto de veciño-comuneiro para que poidan entrar nel persoas só relacionadas co monte veciñal en man común. Como exemplo práctico podemos dicir que, se a Asemblea Xeral de veciños comu-neiros elixe para os cargos da Xunta Rectora a un enxeñeiro forestal, ben, pero se elixe a un profesor universitario ou a un recolledor do lixo, tamén está ben, porque é unha decisión soberana da Asemblea Xeral. Se por profesionalizar o sector se entende a adquisición de coñecementos ou a asesoría técnica, evidentemente estamos a favor.

Os profesionais do sector teñen importantes e necesarias funcións que cumprir, tanto na Administración coma no sector privado. Se se entende que o monte veciñal en man común é de utilidade pública e interese xeral como se recolle no preámbulo da Lei de Montes Veciñais en man común actualmente vixente e no seu Regulamento, a Administración ten unha función que cumprir. Vexamos algúns exemplos:

- A Administración ten que clasificar os montes veciñais en man común (artigo 9 da Lei de Montes e artigo 13 do seu Regulamento).
- A Administración ten que proceder ó deslinde e sinalamento dos montes, ten que asesorar ás comunidades de montes para a redacción de plans de traballo e de proxectos técnicos, ten que realizar convenios para un mellor aproveitamento do monte (artigo 25 da Lei de Montes)
- A Administración ten que sancionar as infraccións (artigo 62 do regu-lamento)

Para levar adiante todo este traballo, precísanse profesionais do sector.

Hai moitas comunidade de montes do país que levan tempo prantexando que a loita contra os incendios forestais, no apartado de extinción, ten que ser unha competencia exclusiva da Administración Autonómica, entre outras razóns por-que a loita contra o lume debe facerse con persoal cualificado e con medios téc-nicos acaídos e eficaces. Hoxendía a figura do axente forestal, por decisión ad-ministrativa, está desvalorizada, cando o axente forestal, pola súa proximidade e pola súa relación coas comunidades de montes, podía e debía ser unha figura clave para a información e o asesoramento das comunidades de montes. Mágoa comprobar que hoxe o axente forestal somentes está para marcar madeira e iso nos montes conveniados, que nos outros nin esa función fai. E estes tamén son outros campos onde se necesita profesionais do sector.

Se deixamos a Administración e nos achegamos ó sector privado pasa o mesmo: é preciso profesionais do sector. Fica claro que para facer traballos selvícolas, plans de ordenación, plans de explotación... se precisan unha me-moria ou un proxecto técnico asinado por persoal cualificado, pero a relación

destes profesionais coas comunidades de montes veciñais e en man común debe ser mercantil, é dicir, pagar polo seu traballo, por que poñamos as cousas claras, os profesionais, os bos profesionais, tanto fan unha plantación de carballos coma unha plantación de eucaliptos, tanto fan unha ordenación do monte onde se contemplan as tres funcións como fan unha ordenación do monte onde se contemple a función productiva en exclusiva. E todos estes traballos fanos ben como profesionais que son, pero a decisión final de se se plantan carballos ou eucaliptos, ou se se fai unha ou outra ordenación, correspóndelle ós veciños comuneiros reunidos en asemblea xeral.

## **2. Significado e evolución das comunidades de montes.**

Se ben a primeira lei de montes en man común data do ano 1957 co seu regulamento do ano 1962, vai ser na lei de montes veciñais en man común do ano 1968, co seu regulamento do ano 1970, onde se recoñece ós veciños como donos dos seus montes. Esta lei vai ser mellorada coa lei do ano 1980, lei que xa abandona toda a ideoloxía e filosofía antidemocrática que tiñan as anteriores leis de montes veciñais en man común, pois estaban elaboradas na dictadura franquista. É pois nos últimos anos da década dos setenta e nos primeiros anos da década dos oitenta cando se escomezaron masivamente a devolver os montes veciñais en man común ós seus lexítimos donos, maioritariamente ás parroquias.

A devolución dos montes veciñais en man común trouxo ás parroquias unha nova forma de organización que foron as comunidades veciñais, sistema organizativo, baseado no concepto xermánico da propiedade veciñal, participativo e democrático, moi semellante ós concellos abertos. Certamente, tamén trouxo algunhas eivas que aínda hoxe hai que superar como son o concepto anquilosado de “casa aberta e con fume” e o concepto discriminatorio de “cabeza de familia”.

Este sistema organizativo fixo que os veciños se tivesen que xuntar en Asemblea Xeral, que é o órgano máximo da comunidade veciñal, para tomar as decisións. Sistema nada inadecuado, xa que é un sistema democrático e participativo, aínda que o requisito de esixencia de quorum retraese ás veces as tomas de decisións. Sen embargo, se ben é discutible a esixencia de quorum para a vida normal das comunidades veciñais, si que é necesario a súa esixencia para actos de disposición.

O sistema organizativo das comunidades de montes veciñais en común rachan co individualismo imperante hoxe en día na sociedade, recuperando o sentimento da cooperación e da solidariedade que tiña a comunidade tradicional, ó tempo que fomenta a participación e o debate. Non debemos esquecer que dado que unha parte dos orzamentos das comunidades de montes veciñais en man común se inviste en obras de carácter social e comu-

nitario (asfaltado de pistas, traídas de augas, redes de saneamento, centros culturais e deportivos...), os veciños e as veciñas comuneiros tamén participan na mellora colectiva da parroquia.

O sistema organizativo das comunidades de montes veciñais en man común é o xeito de rexer os destinos dunha propiedade singular. Unha propiedade de natureza privada, pero ó mesmo tempo colectiva, outra forma de posuír que hai que axeitala ós tempos democráticos actuais e á participación dos veciños e veciñas. Non esquezamos que se están a rexer uns bens patrimoniais de gran valor social, económico, ecolóxico, histórico e cultural. O seu funcionamento fortalece a cohesión social e axuda na mellora das condicións de vida da veciñanza.

Se ben é certo que a evolución da sociedade parece levarnos por camiños distintos ó uso tradicional do monte veciñal e que non era outro ca servir de base ó sistema agrario tradicional, o que significou que as leis desamortizadoras do século pasado non privatizasen todos os montes, tamén é certo que hoxe a laboura das comunidades de montes veciñais en man común esixe un maior esforzo na concienciación dos veciños e veciñas sobor a participación na xestión dos mesmos, máis aló do aproveitamento económico que cada quen obteña do seu monte.

O carácter privado e colectivo destes bens non os coloca por baixo doutros tipos de bens, nin as súas decisións sobor do uso deben ser tomadas por outros que non sexan os seus lexítimos donos, por iso é importante favorecer a participación dos veciños e das veciñas nas comunidades de montes por medio das asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, facendo especial fincapé na xente máis nova que sempre tiveron menor relación co monte veciñal en man común pero que é a garantía de futuro e a base de asegurar o dinamismo e pervivencia das comunidades de montes, para que se faga realidade aquela máxima que dí “O monte veciñal é un ben que recibimos dos nosos devanceiros e que debemos legalo ós nosos descendentes nas mellores condicións posibles”.

Que os montes veciñais en man común, esa outra forma de posuír, siga a ser un ben común, un ben social, que os veciños e veciñas comuneiros participan en algo que e seu, son tarefas que temos por diante os que hoxe diriximos as comunidades de montes veciñais en man común.

Cando a finais da década dos setenta e a primeiros da década dos oitenta, os montes veciñais en man común foron devoltos ós seus donos, esta devolución acarrexou uns lastres. Foron devoltos cunha conciencia colectiva negativa. Conciencia colectiva negativa que foi xestada ó longo dos anos anteriores cando os montes veciñais en man común eran administrados polos concellos. Fagamos unha pequena e sintética viaxe retrospectiva. No ano 1941, coa Lei do Patrimonio Forestal, os veciños e veciñas foron botados dos seus montes por mor das plantacións masivas de eucaliptos e piñeiros que se escomezaron

a facer, non en van a despoboación en moitos lugares da Galicia rural escomezou naquel momento. No ano 1946, coa promulgación da Lei Hipotecaria os concellos, só coa sinatura do secretario, fixéronse propietarios dos montes veciñais en man común, o que foi unha usurpación en toda regra. Os concellos sempre usaron o monte veciñal como unha mina para encher os presupostos e tamén os usaron para facer favores políticos para gañar votos. Cantas veces os alcaldes, antes das eleccións, mandaban cortar árbores para facer obras. Os veciños e veciñas eran multados pola Administración cando facían uso do seu monte, xa fora por buscar leña ou esquilmes ou por levar a pacer o gando.

Os que daquela andaban na loita pola recuperación dos montes veciñais en man común tiñan moi ben aprendida a lección de cómo recuperar os montes, pero non sabían moi ben que facer unha vez que os montes fosen devoltos ós seus lexítimos donos. Ás circunstancias anteriores había que engadir outras máis, como eran: os recrutamentos forzosos que a Garda Civil facía para combater os incendios forestais, a esixencia dun quorum moi elevado para aprobar os Estatutos da Comunidade veciñal (o 75%), as malas infraestructuras que tiñan as parroquias carentes de todos os elementos para que os seus veciños poidesen levar unha vida digna. Todos estes cúmulos de circunstancias obrigaron a que as xuntas provisionais das comunidades de montes veciñais en man común tivesen que facer obras necesarias e vistosas para amosarlle ós veciños e veciñas o importante e necesario que sería ter a propiedade do monte veciñal.

Toda esta suma de circunstancias levou á creación dunha conciencia colectiva, que se non negativa, cando menos non acaída ás funcións que tiñan que cumprir os montes veciñais en man común. Aínda hoxe é o día que salvo honrosas excepcións, os alcaldes dos concellos rurais, cando os veciños e veciñas lle reivindicán milloras para as súas parroquias, envíanos ás comunidades de montes, creando conflitos artificiais aínda que enconados. Non está de máis recordar a oposición que os alcaldes de turno mostraron a que os montes veciñais en man común fosen devoltos ós veciños e veciñas das parroquias e lugares. Como exemplos desta oposición temos os casos de: a loita da coordinadora de montes de Pontevedra, Hío, Balea, O Grove, Belesar e Vimianzo, esta con morte incluída. Con toda esta conciencia colectiva negativa, ou cando menos inadecuada, non nos pode estrañar que as comunidades de montes veciñais en man común, nun primeiro momento da súa actuación, fixeran como de substitutos dos concellos e mesmo actuasen como de amortecedores das reivindicacións sociais e veciñais. De aí que non nos pode estrañar que asfaltados de camiños, aperturas de pistas, alumeados públicos, traídas de augas, centros sociais e mesmo festas patronais, fosen feitas cos cartos dos montes. Cousa que non estaría mal se non se fixeran en exclusividade.

A pesar de todo, as comunidades de montes veciñais en man común souberon evolucionar e hoxe en día, ademáis de seguir facendo obras de tipo so-

cial e comunitario fan moitos máis labores. Hoxe entenden que o monte veciñal en man común é un espazo de usos varios, adicándolle a maior parte dos seus orzamentos a milloras do propio monte, manteñen equipos de loita contra o lume, desenvolven tarefas burocráticas (actas, Estatutos, tramitacións de subvencións...), participan en xornadas de divulgación forestal e mesmo as convocan en moitos casos. Incluso na millora da defensa do monte veciñal en man común están por riba das pretensións da Administración. Lembremos simplemente que a coordinadora de Montes de Galicia do ano 1989 pedía que o investimento no propio monte fose o 25% do presuposto da comunidade veciñal e non do 15% como queda refrexado na lei de montes actualmente vixente. Lembremos que as 140 comunidades de montes veciñais en man común asistentes ó Congreso de Poio solicitaron que o investimento en millora do propio monte pasase ó 33% do presuposto.

E todo iso facendo un gran esforzo, xa que os dirixentes das comunidades de montes veciñais en man común non teñen o monte como seu medio de vida, nin seguramente deberan telo, senón que lle adican o seu tempo libre. Esforzo que a Administración non valora a pesar de que a lei de Montes actualmente vixente e o seu regulamento nos seus preámbulos definen os montes veciñais en man común como un ben de interese social e de utilidade pública. E a Administración Autonómica de hoxe actúa deste xeito, porque para ela o monte veciñal en man común non é un dos piares para levar adiante un desenvolvemento harmónico do noso país. Para ela o monte veciñal en man común é un problema, de aí o abandono a que o ten sometido e o sistemático incumprimento da lei de montes veciñais en man común.

### **3. A organización das comunidades de montes.**

A Organización Galega de Comunidades de montes entende que é preciso unha ou varias organizacións formadas por comunidades de montes e para comunidades de montes. Polo tanto, non entendemos as organizacións onde están misturados montes veciñais en man común, con montes particulares e dende logo, moito menos entendemos organizacións onde están misturados montes veciñais en man común, montes particulares, industrias aserradeiras e celulosas. Cremos na autoorganización das comunidades de montes cos seus erros e cos seus acertos, sen paternalismo nin dirixismos.

Este concepto organizativo non é un capricho, está baseado na consideración de que os intereses destes compoñentes do sector forestal son distintos e mesmo contradictorios. E senón botemos unha ollada a estas diferencias analisándoas a dous niveis, a nivel de principios e a nivel de funcionamento.

A nivel de principios, a ninguén lle pode parecer mal que o propietario do monte particular busque a inmediatez do rendemento económico, e polo tanto a ninguén lle pode parecer mal que estes propietarios se lancen ás plantacións de



eucaliptos ou outras especies de crecemento rápido (evidentemente dentro dun plan de ordenación dos montes). No monte veciñal en man común nin ten que existir só o uso productivo do monte, nin moito menos a inmediatez do beneficio económico. Proba desta diferenza atopámola no incumprimento do primeiro quinquenio do Plano Forestal de Galicia. Incumprimento do que convén lembrar os seus datos: para o primeiro quinquenio do Plano Forestal de Galicia prevíase un 45% de plantacións de coníferas, está no 51%. Prevíase un 19% de plantacións de eucaliptos, está no 41%. Prevíase un 35% de plantación de frondosas, está no 9%. E este incumprimento do Plano Forestal de Galicia débese a que os propietarios particulares lanzáronse ás subvencións para as plantacións de eucaliptos, mesmo utilizando a orde de reforestacións de terras agrarias, concepto que compre por en cuestión e en estudio.

Non é o mesmo aplicar unha política forestal para propiedades de media de 200 Has como son os montes veciñais en man común que aplicala a montes de particulares que teñen unha media de 5 Has.

No monte de propiedade particular non existe a función social de parte dos beneficios acadados, como acontece no monte veciñal en man común. Neste, parte dos beneficios se invisten en obras de carácter social e comunitario que milloran a calidade de vida de xeito colectivo, non só a calidade de vida dos propietarios, senón de toda a cidadanía.

A fiscalidade a aplicar ten que ser totalmente diferente, como corresponde a realidades distintas, xa que o monte veciñal en man común, a diferenza do monte particular, ten unha función social e unha utilidade pública.

A nivel de funcionamento: ¿Pode ter o mesmo voto o dono dun monte particular ca unha comunidade veciñal que represente un número determinado de veciños? ¿Cómo se fan as candidaturas para as eleccións dos órganos de goberno de dúas realidades totalmente distintas? ¿Poden ter os mesmos dereitos e obrigas dúas realidades distintas?

Na actualidade hai que recoñecer que a capacidade organizativa das comunidades de montes veciñais en man común non é a que desexaríamos, pero tamén hai que recoñecer que non é tan feble como algúns sectores interesados queren facer crer. E na pequena historia das comunidades de montes veciñais en man común, e digo pequena historia xa que nacen nos anos 70, afianzándose nos anos 80, e aínda estamos no ano 1998, neste período pequeno da historia, as comunidades de montes veciñais en man común deron mostra da súa capacidade organizativa, da súa capacidade de autoorganización.

Fagamos unha pequena reseña histórica. Nos últimos anos da década dos 70 créase a Coordinadora de montes de Pontevedra co obxectivo primordial de espallar a reclamación dos montes veciñais en man común, cumprindo boa parte do seu obxectivo. No ano 1989 nace na localidade de Atios, concello de Porriño (Pontevedra) unha coordinadora de Montes de Galicia diante da elaboración da primeira lei de montes veciñais galega e que foi un primeiro intento de privati-

montes veciñais en man común ou outras formas organizativas de ámbitos territoriais inferior ó galego. De aí que a Organización Galega de Comunidades de montes teña como un dos seus obxectivos a potenciación destas formas organizativas inferiores en ámbito de actuación, de aí que nos Estatutos da organización galega de comunidades de montes se contemple a creación de xeito estable da comisión de traballo de coordinación, comisión que estará formada polo Coordinador Xeral, os vocais da Xunta Rectora da Organización e os representantes das mancomunidades de montes e doutras formas de organización inferior. Comisión de traballo que entendemos clave xa que a información debe circular no dobre sentido, da Xunta Rectora da Organización de comunidades de montes para as comunidades asociadas, e das comunidades asociadas para a Xunta Rectora da Organización Galega de comunidades de montes.

Pola importancia que teñen as comunidades de montes mancomunadas, que ó noso entender son a clave para a boa marcha da Organización Galega de Comunidades de Montes, convén analizar un anaco como debe ser a súa formación.

Na formación das mancomunidades de montes veciñais en man común ou na formación doutras formas organizativas de ámbito inferior ó galego, a clave atópase no interese das comunidades de montes en agrupárense. O de menos é o ámbito territorial onde vai operar, ámbito que pode ser: concellos, bisbarras ou varios concellos. O ámbito territorial pode vir dado pola posibilidade práctica de aplicar a política forestal correcta e pola facilidade para convocar as comunidades de montes, porque a súa participación é fundamental. Do contrario estaríase a formar un monstro organizativo onde cada vez máis o poder de decisión quedaría nas mans da Xunta Rectora da Organización Galega de Comunidades de Montes, e posiblemente a medio prazo nas mans de catro “sabios”, e onde as comunidades de montes, que son a clave desta dinámica quedarían de meras comparsas.

O esquema organizativo desta organización de comunidades de montes é pois unha especie de híbrido. É unha mistura dunha organización e dunha coordinadora. É pois un sistema complicado pero semella que é o único que pode ser eficaz e acaído ás comunidades de montes e á vida do noso país.

A Organización Galega de Comunidades de montes ten que basear o seu funcionamento en dous peares: a democracia e a participación.

A democracia terase que basear no feito en que cada comunidade de montes veciñais en man común asociada teña un voto e que, se ben por niveis de operatividade terá que funcionar por maioría simple, haberá que permitir a discrepancia, mesmo pública. Este respecto das opinións minoritarias significa non perder a condición de comunidade asociada por manifestar incluso publicamente a súa opinión. A democracia tamén se respecta no feito de que a comunidade de montes veciñais en man común asociada non perde a inde-

pendencia da súa propia vida interna e na existencia dunha cota mínima e igual para todas.

A participación baséase no feito de que para ingresar na Organización Galega de Comunidades de Montes ten que haber un acordo asembleario de cada comunidade de montes interesada, en que non poderá haber en cada candidatura que aspire ós cargos da Xunta Rectora máis dun membro de cada comunidade de montes asociada. A participación tamén se basea no feito que a Asemblea Xeral da Organización Galega de Comunidades de Montes estará formada por todos os membros das Xuntas Rectoras respectivas e mesmo por calquera veciño comuneiro que veña avalado pola Xunta Rectora correspondente.

